

RESOLUCIÓN REITORAL DE 12 DE MARZO DE 2024 DE CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE MARZO DE 2024 POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS NO CENTRO DE LINGUAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO CURSO 2023/2024

Detectado erro na base 5.3 da convocatoria de bolsas para a realización de cursos no centro de linguas da Universidade de Vigo no curso 2023/2024 na que se establece:

3. No formulario en liña achegárase a seguinte documentación:

- O alumnado extracomunitario deberá acreditar a condición de residente en España a 31 de decembro de 2023 (non é suficiente o permiso de estada por estudos).
- O alumnado que accedeu ao mestrado oficial e doutoramento desde estudos cursados noutras universidades españolas deberán aportar a certificación académica correspondente con indicación de nota media.
- O alumnado que accedeu ao mestrado oficial e doutoramento desde estudos cursados en universidades estranxeiras deberá aportar a Declaración de Equivalencia de Nota media solicitada ao *Ministerio de Educación y Formación Profesional* a través do seguinte enlace

<https://www.universidades.gob.es/equivalencia-de-notas-medias-de-estudios-universitarios-realizados-en-centros-extranjeros/>

Visto o artigo 109.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*

ESTA REITORÍA RESOLVE

Modificar a devandita base, que queda redactada do seguinte xeito:

3. No formulario en liña achegárase a seguinte documentación:

- O alumnado extracomunitario deberá acreditar a condición de residente en España a 31 de decembro de 2023 (non é suficiente o permiso de estada por estudos).
- O alumnado que accedeu ao mestrado oficial desde estudos cursados noutras universidades españolas deberán aportar a certificación académica correspondente con indicación de nota media.
- O alumnado que accedeu ao mestrado oficial desde estudos cursados en universidades estranxeiras deberá aportar a Declaración de Equivalencia de Nota media solicitada ao Ministerio de Educación y Formación Profesional a través do seguinte enlace

<https://www.universidades.gob.es/equivalencia-de-notas-medias-de-estudios-universitarios-realizados-en-centros-extranjeros/>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/23 (DOG 10/11/23)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

